



## **CONCELLO DE POIO**

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS TRINTA E CATRO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E UN DE XULLO DE DOUS MIL DEZASEIS.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta minutos do día vinte e un de xullo de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Xosé L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Angel Moldes Martínez, Rocío Cochón Castro, Manuel Domíguez Álvarez, Natividad Torres Balea, Cándido Muiños Balea, Marcial Garcia Freijeiro, Juan Jose Rodríguez Grandal, M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez, Rosa Fernández González e Silvia Díaz Iglesias; escusan a non asistencia a Concelleira D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, a Interventora Municipal Olga Fernández Rodríguez. Actuando a Secretaria Xeral do Concello D<sup>a</sup>. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

Antes de proceder ao inicio do único punto da orde do día para o que se convocou a sesión, o Sr. Alcalde toma a palabra para manifestar públicamente o máis sentido pésame da corporación polo falecemento de D. Armando Couselo Soto, Alcalde deste Concello, do que se dará traslado á familia.

A continuación instancia do Presidente procedeuse a gardar un minuto de silencio polos/as asistentes en sinal de duelo.

4274.- SOLICITUDE DE INFORMACIÓN AO PLENO E Á VECIÑANZA SOBRE O IMPORTE, NATUREZA E O DESTINO DOS FONDOS MUNICIPAIS UTILIZADOS PARA SUBSTITUÍR OS PLANS DE ACCIÓN COMUNITARIA E CONDICIÓNS PARA A SOLICITUDE DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS SUBSTITUTIVAS.- O Sr. Alcalde explica que co motivo do escrito presentado polo Grupo Municipal Popular no Rexistro Xeral do Concello o 05 de xullo de 2016.número 3543 no que en virtude do disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais solicitan a realización dun pleno extraordinario co motivo de tratar o asunto que figura como único na orde do día, dando a palabra ao Sr. Moldes Martínez, Voceiro do Grupo Popular.

O Sr. Moldes Martínez comeza a súa intervención manifestando que se trata dun día especial para Poio, polo falecemento de quen foi o seu alcalde e quere agradecer a presenza dos representantes dos distintos colectivos na sesión extraordinaria.

Na Deputación existía un Programa de Acción Comunitaria de axudas que ía destinado ás asociacións veciñais e culturais para a realización de proxectos dos distintos colectivos cun financiamento ao 100% ou menos pero eran de xestión directa.

Con estas axudas fixéronse cousas moi importantes: actuacións no cemiterio parroquial de San Salvador, varanda de Lourido, equipamentos no local Social de Campelo e Pereiro, no local de

Montes.

A nova Deputación apostou por un novo modelo denominado Plan Concellos e o noso Grupo ten dúbidas de se esas cantidades chegaron, e pedimos información ao pleno hai un par de meses e estes pasaron pero non se nos contestou. Queremos saber cal é a forma de distribución, cal é o importe das axudas, dondes están e como os colectivos poden acceder a elas.

A Sra. Díaz Iglesias di que efectivamente a información foi solicitada no mes de maio e reiterada no pleno do mes de xullo. Existe a necesidade de coñecer ou saber como se están a xestionar eses fondos públicos, xa que deben ser a través de métodos e principios de transparencia e concorrencia.

Podemos falar de oscurantismo e descoñecemos o destino dos fondos, xa que estamos no mes de agosto e descoñecemos os trámites e importes.

O Sr. Barreiro Lubián explica que os fondos que transfíre a Deputación non son finalistas, pódense investir en obras ou actividades que o concello estime por oportuno.

No ano 2014 falábase dunhas cantidades do PAC de 5900 € cunha media nos dez últimos anos de 25.000 €.

Estes fondos son para atender as demandas e necesidades dos colectivos con criterios de dispoñibilidade económica. Hai que estudar o número de afectados porque a distribución municipal é distinta. O concello responde pero non de forma inmediata ou coa celeridade que lle gustaría, pero si responde no tempo.

Unha distribución equitativa en función da poboación e ao Concello de Poio tócanos unha cantidade un pouco superior ao millón de euros.

Este ano non está previsto a disposición de ningún fondo para o PAC.

Se se estudan as axudas que recibiron as asociacións nos últimos anos pódese comprobar que son dúas ou tres asociacións as que levan a maioría das axudas e falamos dunha axuda de 3000 €. As asociacións non teñen competencias nin funcionalidade para a realización dunha serie de obras e sempre teñen que votar man do concello.

A Sra. Besada Lores di que desde que se cambiou o goberno da Deputación cambiou sistema. Co anterior presidente había 20 millóns de euros de libre disposición que eran repartidas arbitrariamente sen atender a ningún criterio. Agora este presuposto pasa a ser xestionado e distribuído polos Concellos.

Desde o 2014 xa non se daban axudas a ningunha asociación a través do PAC e no 2012 4 asociacións de Poio reciben axudas por importe de 7.000 € dos 91.000 e posibles o que supón un 1,63%. tratábase dun reparto arbitrario do presidente, sen ningún, ata se dá o caso de que se dan axudas por importe de 18.000 € a unha asociación e despois ten que renunciar porque non pode facer fronte a súa achega, como pode ser o caso da Asociación de Santa María de Samieira coas actuacións do cemiterio.

Agora os concellos co coñecemento das necesidades dos veciños é quen responde. O que hai que facer é comunicar ao Concello as necesidades non fai falta ningún programa,

A continuación, o Sr. Moldes Martínez procede a dar lectura a unha comunicación realizada polo Sra. Presidenta da Deputación de Pontevedra.

Este ano quedan sen eses fondos e antes facían obras e por outra banda se non se fixeron as obras en Samieira foi porque non se conseguiron os terreos que vostede, Sra. Besada dixo que o faría.

Pensamos que as asociacións merecen ter información.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que agora o único que non se fan, son as cousas pola porta de atrás, e que antes se facía o reparto seguindo un criterio arbitrario do Presidente, agora as cousas fanse seguindo un baremo e unha puntuación cos criterios supondo un papeleo, que non é o que se facía anteriormene, agora fanse as cousas legais incorporándose estas aportacións aos presupostos e

distribúense os investimentos. Antes faltaba transparencia agora as cousas vense.

Durante os últimos 8 anos sempre son as mesmas asociacións as que reciben axudas e as outras desisten de solicitálas ao ver que nunca llas conceden ou nin lle contestan.

O Sr. Moldes Martínez pregunta como se lle pode dar continuidade ás obras xa comezadas, por exemplo se se quere rematar a varanda de Lourido.

O Sr. Alcalde contesta que se tería que vir polo Concello e reiterar a necesidade de acometida das obras.

A Sra. Besada Lores di que o Sr. Moldes está mal informado o saneamento do xuvino non se puido porque houbo problemas coa calificación do camiño e estívoose a traballar durante dous anos e por unha persoa non se puido materializar.

O Sr. Agís Gómez di que agora os PAC xa non existen, agora denomínanse Plan Concellos e o goberno destina eses fondos a satisfacer as necesidades dos veciños a través duns investimentos que se aproban polo Concello e que vostede en ningún momento votou en contra e vostede sabe perfectamente onde está ese diñeiro.

Cos veciños fanse reunións onde se fala das necesidades e non soamente para os veciños de Lourido o máis importante é a varanda xa que existen outras necesidades que tamén se consideran importantes.

Agora existe transparencia nos fondos sometidos a medios de control, económico e xurídico, antes sistema caciquil, arbitrario e ilegal.

O Sr. Alcalde di que na reunión de alcaldes realizada nos primeiros meses do ano, todos as alcaldes estiveron de acordo, non mostrándose ningún en contra do sistema de reparto.

Naquel momento ata houbo alcalde do PP que aplaudiron a medida e o novo sistema, que ao noso Concello neste ano 2016 tocoulle 1.004.000 €, que se reparte en catro liñas: Investimos, cultura e actividades, gasto corrente no que se podía pagar ata un 30% en facturas e a última liña para a contratación de persoal.

Nun primeiro momento parecía que estes fondos do PAC non estaban incluídos pero agora si.

No debate falouse da realización de obras, como pode ser a de Lourido, pero non hai que olvidar que se trata dun espazo público onde a intervención lle corresponde á administración.

Con este plan xestiónanse as necesidades ao longo do ano .

Creemos que agora as iniciativas das asociacións se xestionan dunha forma común co Concello, onde as posibilidades de realizarse son moito maiores, pola capacidade e competencias que ten o concello.

As obras realizadas en locais, hai que ver cal é a súa repercusión no entorno.

O PAC como estaba deseñado anteriormente nunca o apoiámos nin o defenderemos nunca, o que haberá que facer é determinar cara o futuro máis inmediato é a forma de asumir os proxectos das asociacións e veciños, en materia de colaboración.

Non habendo ningunha intervención máis o Sr. Alcalde da por rematada a sesión extraordinaria ás vinte horas e corenta minutos., da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.